

# Premio á Excelencia na Docencia Musical

## II Edición

### Limiar

A Fundación Rogelio Groba e o Festival Groba veñen mostrando dende os seus comezos un activo interese pola difusión e ensinanza da música na nosa comunidade, afán que se ten plasmado en numerosas iniciativas que abranguen dende a organización de masterclass con solistas internacionais que permiten aos nosos xoves recibir valiosos consellos de grandes músicos ata unha intensa e continua actividade de concertos pedagóxicos que achegan a música clásica a tódolos colectivos da sociedade.

Co obxectivo de impulsar e visibilizar socialmente a importante labor que moitos mestres de música veñen realizando, e sobre todo nestes tan complexos momentos que estamos a vivir por causa da pandemia, nace o Premio á Excelencia na Docencia Musical co que a Fundación Groba e o Festival Groba premiarán a un profesor que destaque pola súa contribución e adicación á ensinanza da música.

Tras a boa acollida que tivo a primeira Edición, presentamos a segunda para seguir poñendo en valor o traballo docente na disciplina musical.

### Requisitos

Poderanse presentar coma candidatos ao **Premio á Excelencia na Docencia Musical II Edición**

- Calquer profesional que desenrole a súa labor docente na Comunidade Autónoma de Galicia, independentemente do seu lugar de nacemento.
- Calquer profesional galego (nado en Galicia) que desenrole a súa actividade nun centro de formación en calquer país.

Poderanse presentar profesores e profesoras de conservatorios públicos e privados, escolas de música públicas e privadas, escolas de práctica orquestral e ou bandas, universidades, institutos, divulgadores musicais.... sempre que a súa actividade docente principal sexa a ensinanza musical tanto a nivel instrumental coma a nivel teórico (composición, historia da música, linguaxe musical ...)

### Presentación de candidaturas

Poderanse presentar candidaturas

- **A proposta da institución onde o docente desenrole a súa actividade** profesional, para o cal será necesario complimentar o ANEXO I destas bases, curriculum vitae (centrado na actividade docente do candidato, máximo 2 páxinas) e un breve ensaio expoñendo os méritos que acredita o devandito docente para ser merecedor da distinción (máximo 2 páxinas)
- **A proposta propia**, para o cal será necesario complimentar o ANEXO II destas bases, curriculum vitae (centrado na actividade docente do candidato) e un breve ensaio redactado polo propio docente explicando que actividades de especial orixinalidade e logros pedagóxicos ten logrado para ser merecedor da distinción (máximo 2 páxinas)

## Prazo de presentación de candidaturas

As candidaturas deberanse enviar en arquivo pdf único (Anexo + CV + Ensaio) co nome do candidato á dirección de correo electrónico [groba@fundacion.rogeliogroba.es](mailto:groba@fundacion.rogeliogroba.es) antes do **31 de maio de 2022**.

## Selección do premiado

Unha vez recibidas todas as candidaturas, o xurado reunírase para seleccionar a 5 candidatos/as que serán invitados/as a unha entrevista online para expoñer de maneira detallada as súas iniciativas pedagóxicas e os logros obtidos no desenvolvemento das mesmas. Tamén deberá expoñer brevemente a que destinará a cuantía do premio, no caso de ser galardoado co mesmo.

As entrevistas online realizaranse entre o mércores 8 de xuño e o sábado 11 de xuño. Os seleccionados recibirán vía e mail toda a información precisa para o desenvolvemento da mesma.

Unha vez realizadas as entrevistas, farase público a identidade o galardoado/a na II Edición do Premio á Excelencia na Docencia Musical

## Premio

O premio terá unha **dotación económica de 1000 € (impostos incluídos)** e terá que ser destinado a actividades profesionais relacionadas coa docencia e/ou coa formación do docente. Entre outras: asistencia do docente a simposios e masterclasses, organización por parte do docente de masterclasses e seminarios para os seus alumnos, compra de partituras e libros ou material tecnolóxico aplicado á docencia, publicación de libros e ensaios docentes, realización de concertos e/ou colaboracións pedagóxicas con outras institucións formativas.....

O premiado/a comprométese a remitir á Fundación Groba unha breve sinopse das actividades desenvolvidas e engadir no momento que as realice que son consecuencia do Premio á Excelencia na Docencia Musical da Fundación Groba.

O premiado/a terá o compromiso de asistir en persoa, sempre que ningunha causa de forza maior así llo impida, á cerimonia de entrega do premio que terá lugar durante o Festival Groba 2022 en Ponteareas do 13 ao 19 de Agosto de 2022.

O incumprimento de calquera das normas anteditas poderá suponer a retirada do premio.

## Xurado

O Xurado da II Edición do Premio á Excelencia na Docencia Musical estará presidido por D. Rogelio Groba Groba, Presidente da Fundación Groba membro do Instituto José Cornide de Estudos Coruñeses, da Real Academia Galega de Belas Artes, e da Real Academia de San Fernando, de Madrid.

Actuarán coma vocais figuras de recoñecido prestixio no eido da educación musical e nomeados a tal efecto polo Presidente do Xurado. A listaxe definitiva da composición do xurado farase pública na primeira semana do mes de xuño.

## Contacto

Para calquer dúbida ou consulta poden dirixirse ao mail [groba@fundacion.rogeliogroba.es](mailto:groba@fundacion.rogeliogroba.es)

## ANEXO I

\_\_\_\_\_ con DNI  
\_\_\_\_\_ coma (indicar o cargo/función) \_\_\_\_\_ da  
(indicar institución) \_\_\_\_\_

PROPOÑO A

\_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ coma  
candidato/a ao Premio á Excelencia na Docencia Musical I Edición.

### Datos de contacto

E-mail da institución \_\_\_\_\_

Teléfono da institución \_\_\_\_\_

E mail do candidato/a (se procede) \_\_\_\_\_

### Documentos requeridos

- presente anexo debidamente cumprimentado e asinado
- curriculum vitae (centrado na actividade docente do candidato/a, máximo 2 páxinas)
- breve ensaio expoñendo os méritos que acredita o devandito/a docente para ser merecedor da distinción (máximo 2 páxinas)

Enviar nun ÚNICO arquivo en formato pdf identificado co Nome e Apelidos do candidato/a antes do luns 31 de maio ás 20 horas ao mail [groba@fundacion.rogeliogroba.es](mailto:groba@fundacion.rogeliogroba.es)

\_\_\_\_\_  
Lugar e Data

\_\_\_\_\_  
Sinatura

## ANEXO II

\_\_\_\_\_ con DNI \_\_\_\_\_ envío a  
miña candidatura ao Premio á Excelencia na Docencia Musical I Edición.

### Datos de contacto

E mail \_\_\_\_\_

Teléfono \_\_\_\_\_

### Documentos requeridos

- presente anexo debidamente cumprimentado e asinado
- curriculum vitae (centrado na actividade docente do candidato/a, máximo 2 páxinas)
- breve ensaio redactado polo propio docente explicando que actividades de especial orixinalidade e logros pedagóxicos ten logrado para ser merecedor da distinción (máximo 2 páxinas)

Enviar nun ÚNICO arquivo en formato pdf identificado co Nome e Apelidos do candidato/a antes do luns 31 de maio ás 20 horas ao mail [groba@fundacion.rogeliogroba.es](mailto:groba@fundacion.rogeliogroba.es)

\_\_\_\_\_  
Lugar e Data

\_\_\_\_\_  
Sinatura